



Dominó de Rosalía

PARA XOGAR COA CATIVADA

Instrucións de xogo

Podemos xogar da forma tradicional en que se usa o dominó repartindo as fichas entre o número de xogadores e que vaian tirando xuntando as que teñen a mesma figura pero tamén o podemos empregar doutros xeitos:

- Podemos xogar a poñer todas as fichas boca arriba e atopar aquelas que teñan un determinado elemento (unha campá, unha casa...), as que teñan unha determinada cor (azul, laranxa...), etc.
- Podemos xogar tamén a relacionar cada imaxe co seu significado:

Rosa de Rosalía. O nome de Rosalía / Miña casaña, meu lar. Adios ríos, adios fontes. Campanas de Bastavales (v. Rosalía) / No bico un cantar (v. Curros) / Imaxe de Rosalía

Simbología rosaliana traballada

Este dominó nace coa intención de reforzar a simbología básica que queremos traballar a esta altura:



A súa cara debuxada a medio camiño entre o figurativo e a abstracción e con cores vivas.




O seu nome escrito para aprender a identificalo.



Os beizos coas corcheas porque Rosalía convida a cantar a esa meniña gaitreira e tamén é ese bico cun cantar, o das cantigas populares e mais tamén o dela mesma, que segundo a súa propia filla, andaba sempre a cantaruxar.



A casa que Rosalía nunca tivo e que agora lle dan todas as galegas e galegos.



A campá do seu famoso poema “Campanas de Bastavales” como importante elemento visual e sonoro da súa terra.



O río do seu famoso poema “Adios ríos, adios fontes” para facer a entender a emigración.



A flor da casa de Rosalía que imos atopar no seu xardín e tamén sobre a súa cama.

Aproveitamento didáctico

Con este xogo traballamos:

- Emparellamento
- Diferenciación
- Coordinación óculo-manual
- Concentración
- Clasificación
- Asociación de ideas
- Agudeza visual
- Regras

Utilización do material

- As fichas están pensadas para ser impresas, recortadas e plastificadas para poder manipulalas as nenas e nenos.
- Tamén se poden imprimir en papel autoadhesivo e pegalas sobre rectángulos de madeira ou cartón.

